

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Vigo, 14 de Novembro de 2017

INFORME

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERIODO LECTIVO "VIGO EN INGLÉS 2018" (Expte. 19872-332)

Emítase o seguinte informe coa valoración da oferta presentada para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Inglés 2018" (Expte 19872-332).

Procedemento de contratación: Aberto.

Tramitación: Ordinaria.

Licitadores presentados: NEWLINK EDUCATION, S.L.

Data de apertura da proposición técnica: 08/11/2018.

CRITERIOS XERAIS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS

Para a valoración das ofertas tivéronse en conta os criterios valorativos recollidos no apartado 8.A.1 da FEC así como o proxecto programa de inmersión en lingua inglesa e integración escolar en High School en periodo lectivo que debe vir redactado segundo o establecido na cláusula 4ª do Prego de Prescricións Técnicas.

Valórase pois o proxecto programa educativo de inmersión lingüística mediante integración escolar en High Schools en periodo lectivo presentado polo licitador, dentro do cal se analizan as propostas relativas ao cumprimento e desenvolvemento a nivel organizativo, de xestión, lectivo, pedagógico e de intendencia, de cando menos os contidos mínimos que para a mellora da competencia en lingua inglesa, se recollen na estrutura xeral do proxecto educativo que ven definida na cláusula 4ª do PPT.

Seguíronse ordeadamente os 8 criterios de adjudicación avaliábeis mediante xuízo de valor incluídos na cláusula 8.A.1 da FEC, establecéndose unha valoración cualitativa e cuantitativa para cada un destes apartados que se trasladan ao cadro de valoración numérica que se inclúe no remate deste informe.

Para a valoración do proxecto programa de inmersión en lingua inglesa e integración escolar en High School en periodo lectivo ofertado tívose en conta o establecido na cláusula 8.A.1 da FEC aos efectos de puntuar as propostas do licitador nos seguintes aspectos: Familias de acollida, Información e asistencia a participantes e familias, Proposta reforzo da presenza institucional do Concello, Características dos centros escolares de destino, Proposta lingüística de actividades de inmersión e integración lectivas-extraescolares-lecer, Proposta de integración en centros de estudos, Organización da viaxe, e Materiais e recursos didácticos, todos eles valorados cos límites de puntuación indicados na citada cláusula.

PROXECTO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA E INTEGRACIÓN ESCOLAR EN HIGH SCHOOL EN PERIODO LECTIVO "VIGO EN INGLÉS 2018"

NEWLINK EDUCATION, S.L.

A oferta desenvolve os distintos apartados contemplados na cláusula cuarta do Prego de Prescricións Técnicas e, de xeito ordenado e pormenorizado, abrangue os distintos aspectos e contidos mínimos establecidos para a mellora da competencia en lingua inglesa, do seguinte xeito:

8.A.1.- Familias de acollida (máximo 5 puntos). Neste apartado valórase:

- **8.A.1.1.- Proceso de selección de familias (máximo 2,5 puntos):** A oferta explicita pormenorizadamente un óptimo e cuidadoso proceso de selección de familias mediante



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2017 13:45

Páxina 1 de 8

Expediente 19872/332

Código de verificación: 24E84-CCA24-8DACC-248B8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

a descrición de distintas fases, que son coordinadas polo "Welfare Officer" persoa responsable de supervisar e elixir as familias anfitriñas receptoras de estudantes, e que ademais vive no mesmo destino o cal facilita o seu exhaustivo coñecemento: As familias candidatas, xeralmente de clase media tanto no aspecto económico como sociocultural, son inicialmente recomendadas por familias xa incluídas no programa, despois reciben dúas visitas de inspección (1 concertada e outra sorpresa) do Welfare Officer que logo de valorar o cuestionario estándar, verifica a súa idoneidade. Son familias con experiencia práctica contrastada e satisfactoria no acollemento de estudantes estranxeiros, que con antelación previa e suficiente coñecen os gustos, preferencias, posibles problemas de alerxias ou intolerancias do/a estudante a acoller, coa finalidade de tentar garantir o seu mellor benestar posible. Comprometen que todas as familias de acollida estarán a unha distancia razoable do High School de integración escolar (non superior a aprox. 30 minutos de desprazamento) e a entrega do bono de transporte público, caso de ser necesario. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

- **8.A.1.2.- Protocolo establecido para verificar condicións de habitabilidade e comodidade, alimentación, grao de interacción co alumnado, e integración do alumnado na familia de acollida (máximo 2,5 puntos):** Fixa moi ben detallado protocolo específico no que na 1ª semana, todas as familias de acollida son contactadas polo monitor, se recolle a realización de dúas enquisas de control de satisfacción con ítems concretos de valoración tanto de monitores como estudantes, que son tabuladas para verificar idoneidade ou necesidade de efectuar algunha corrección. Propón unha interacción directa e persoal do monitor/a con cada estudante, alomenos dúas veces durante a 1ª semana e unha vez durante a 2ª semana para seguemento. Indica que todas as familias de acollida terán os telfs de contacto dos responsables da loxística organizativa en destino para calquera incidencia que poida xurdir e igulamente, caso de ser necesario para o alumno/a participante, comprometen o protocolo de "cambio de familia" nun prazo máximo de 24 horas. Resulta coherente e axeitado o protocolo de familias seleccionadas para estudantes con problemas de alerxias e/ou intolerancias (celíacos, lactosa ...) ou minusvalías. Aporta e incorpora modelos documentais de plantillas de enquisa inicial ou "checklist" monitores, enquisa inicial familias, seguimento das condicións das familias anfitriñas. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **5 puntos**.

8.A.2.- Información e asistencia a participantes e familias (máximo 5 puntos). Neste apartado valórase:

- **8.A.2.1.- Proposta de avaliación do alumnado. Concreción do protocolo establecido para o seguimento, control de asistencia e diferentes test de control de competencia lingüística (máximo 2 puntos):** Define pormenorizadamente plan avaliativo coa descrición detallada e exhaustiva de proba de nivel inicial on-line na súa zona persoal privada web, test avaliativo de nivel primeiro e último día de clase, a través da Coordinadora Pedagóxica seguimento individual do alumnado con xuntanzas diarias co profesorado do curso previo de perfeccionamento de lingua inglesa con grupos homexéneos de alumnado seleccionado por nivel de competencia lingüística (describe parámetros avaliativos como asistencia, materia vista en clase, tarefas, implicación, participación ...), para o control interno do desenvolvemento do programa e progreso do alumnado se propón xuntanzas semanais en destino entre docente inglés do claustro coordinador da iniciativa e o monitor, determina control diario de asistencia e puntualidade por parte do monitor con informes e partes de resolución de incidencias diarias (sempre inferiores a 24 hs), contempla memoria e enquisa final de monitores, aporta e incorpora modelo documental da enquisa de satisfacción do alumnado participante, aporta e incorpora consonte á obrigatoriedade recollida no PPT e baseado na experiencia práctica en actividades semellantes regulamento de réxime interno que inclúen 15 normas concretas a ter en conta polos participantes, e tamén propón



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2017 13:45

Páxina 2 de 8

Expediente 19872/332

Código de verificación: 24E84-CCA24-8DACC-248B8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

acertadamente para resolución de posibles situacións de conflito un "Decálogo de Comportamento" (diferencias culturais, como actuar, exemplos prácticos de casos que ocasionaron situacións de conflito) que deberán asinar familias e alumnado participante no que comprometen o seu cumprimento. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

- **8.A.2.2.- Determinación precisa das ferramentas e protocolos de información e atención ás familias, participantes, centros de ensino e Concello (máximo 1,5 puntos):** Determina de xeito detallado, un sistema de información con atención e trato personalizado identificando e asignando un asesor persoal a cada alumno/a e concreta canles de contacto (telf ou zona personal web); aporta zona web privada con acceso con clave e contraseña para obter información en tempo real de todo o relacionado co programa e accesible dende calquera sitio (destino, cidade, aloxamento, escola, viaxe...); aporta e incorpora tamén pantallazos explícitos desta zona persoal do estudante, cada vez que o asesor persoal realiza unha xestión o alumno recibe aviso SMS ou e-mail; achega moi ben estruturado contido específico a tratar na xuntanza informativa coas familias, coa axeitada inclusión da obrigada sinatura por parte de familias e alumnado participante dun "Decálogo de Comportamento"; pon a disposición do Concello un área web privada de grupos para ver en tempo real calquera información do desenvolvemento do programa e dos participantes ademais de recibir informes diarios do desenvolvemento desta iniciativa didáctica municipal; dispón a creación e acceso ao blog do programa dos IES de Vigo e igualmente recibirán un informe semanal do desenvolvemento do programa; concreta protocolo de aviso sms co texto "O Concello de Vigo informa: Su hijo/a se encuentra ya con su familia de acogida" ao telf móbil das familias no remate da viaxe; determina un áxil e axeitado protocolo de comunicación vía SMS (avisos embarque, chegada aeroporto destino, recollida equipaxes, subida buses, chegada localidade destino, entrega familia anfitroia) durante a viaxe entre a equipa de monitoraxe e a oficina central da empresa licitadora.

Dentro da cobertura empresarial proposta para a xestión do programa (conforme á cláusula 4.4.2 do PPT) determina e identifica as persoas responsables da coordinación territorial en Inglaterra (Carol Syder) e da coordinación territorial en Irlanda (Liz Quinn) ambas con ampla experiencia na organización de estancias lingüísticas, ademais tamén determina e identifica o coordinador xeral (Paul Mckinney) responsable máximo de todas as operacións internacionais de grupos. Tamén propón acertadamente a figura da Coordinadora Pedagóxica (Marina Agualeles, Directora da Academia Newlink Idiomas) como responsable de velar polo axeitado progreso formativo-lingüístico do alumnado participante e pola calidade do curso de perfeccionamento de lingua inglesa (propostos nos IES de Vigo, en setembro na semana previa á viaxe e estadía lingüística, para alumnado seleccionado de 4º da ESO). Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

- **8.A.2.3.- Determinación precisa das características técnicas do servizo de asistencia 24 hs ás familias participantes (máximo 1,5 puntos):** Moi axeitada a concreción do acceso ao centro de atención telefónica para atender sempre sen esperas, todos os días da semana 24 horas dispoñible con asistencia trilingüe por operadores cualificados formados para resolver incidencias nun prazo non superior a 24 horas: Turno de día de luns a venres en horario de 9:00 a 21:00 hs de 6 a 10 operadores e fins de semana no mesmo horario de 3 a 4 operadores. Turno de noite de luns a domingo mínimo 2 operadores.

Tamén compromete os denominados plans solucións incidencias 24 horas e protocolo de cambio de familia de acollida en 24 hs. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con 5 puntos.

8.A.3.- Proposta reforzo da presenza institucional do Concello (máximo 5 puntos). Neste apartado valórase:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2017 13:45

Páxina 3 de 8

Expediente 19872/332

Código de verificación: 24E84-CCA24-8DACC-248B8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

- **8.A.3.1.- Determinación precisa de accións para consolidar vínculos internacionais coa cidade de Vigo e acadar o recoñecemento oficial do goberno local e/ou autoridades locais educativas inglesas/irlandesas (máximo 2,5 puntos):** Detallada proposta e moi ben estruturada, na que cada estudante levará 2 packs informativos de Vigo para a súa familia de acollida e o seu alumno/a "Mentor" que facilitará a integración durante toda a estadía, concreta unha presentación audiovisual en formato power point da cidade de Vigo e agasallo institucional aos High Schools de integración escolar, determina por parte do licitador unha formación previa da equipa de monitoraxe para poder actuar como representantes do Concello de Vigo nos centros escolares de destino e igualmente incorpora modelo documental da guía do monitor con contidos e protocolos de actuación, promove axeitadamente a posibilidade de concretar a remisión dunha carta personalizada e institucional do Alcalde de Vigo aos Alcaldes das localidades de destino coa intervención destes vía videoconferencia, propónse un concurso para o alumnado inglés para mellorar o coñecemento da cidade de Vigo, no cronograma proposto de actividades complementarias concréntase unha visita didáctica e recepción institucional a cada un dos 30 Concellos de inmersión lingüística propostos en Inglaterra e 9 Concellos de inmersión lingüística propostos en Irlanda, coa finalidade de tamén dar a coñecer a cidade de Vigo ás autoridades locais. A licitadora propón a elaboración e gravación dun video de presentación institucional do programa educativo municipal "Vigo en Inglés" coa intervención de todos os axentes activos que están presentes no mesmo (alumnado doutras edicións, profesores do curso intensivo de lingua inglesa, profesores dos Institutos de Vigo, Directores dos High Schools participantes, algunha familia de acollida, algún asesor persoal e algún buddy) para entregalo nos Concellos das localidades de acollida e nos High Schools de integración. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

- **8.A.3.2.- Calidade e viabilidade das propostas relativas á comunicación cos IES e centros escolares de Vigo e actuacións concretas para facilitar o establecemento de colaboracións entre estes últimos e os centros educativos ingleses/irlandeses (máximo 2,5 puntos):** Fixa de xeito acertado un sistema de "pen pal" para promover o coñecemento previo entre estudantes de Vigo e das 30 localidades inglesas e 9 localidades irlandesas propostas, comprométese o apoio con toda a loxística e infraestrutura necesaria para que se traballen proxectos comúns online e por videoconferencia entre IES de Vigo e os 42 High Schools de destino propostos, os proxectos determinarán que dous docentes (un de Vigo e outro inglés) elexidos por un xurado do cal se fixa a súa composición, podan realizar unha viaxe de intercambio para coñecer de primeira man os distintos sistemas educativos.

Menciona inda que sen concretar que será facilitada a loxística e organización necesaria para poder realizar intercambios de profesorado e alumnado. Outórgase, polo tanto, 2,00 puntos a este subapartado.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con 4,50 puntos.

8.A.4.- Características dos centros escolares de destino (máximo 5 puntos). Neste apartado valórase:

- **8.A.4.1.- Antecedentes e experiencia en programas de inmersión e integración lingüística (máximo 2,5 puntos):** Inda que non concreta nº exacto de alumnado a integrarse nos 32 High Schools en Inglaterra e 10 High Schools en Irlanda que se propoñen, si fai unha descrición exahustiva das súas características e experiencia práctica contrastada (a meirande parte deles con antecedents moi positivos de participación e avaliación satisfactoria en "Vigo en Inglés") en programas de inmersión e acollemento a estudantes internacionais durante trimestres ou anos escolares (**INGLATERRA:** Bideford College en Bideford, Pittville School e Winchcombe School en Cheltenham, Broadwater School en Godalming, Chessington Community College en Kingston Upon Thames, Faringdon Community College en Faringdon, West Exe School en Exeter, Brannel School en Saint Austell, Clyst Vale Community College en Broadclyst, The Gilbert School en Colchester, Avonbourne College en Bournemouth,



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2017 13:45	Páxina 4 de 8
Expediente 19872/332	Código de verificación: 24E84-CCA24-8DACC-248B8	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Dane Court Grammar School en Broadstairs, Henley In Arden School en Henley-In-Arden, Ken Stimpson Community School en Peterborough, St Joseph's School e Ysgol Bae Baglan en Port Talbot, Willingdon Community School en Eastbourne, Brooke House College en Market Harborough, Exmouth Community College en Exmouth, Heysham High School en Heysham, Llangatwg Community School en Cadoxton, Prestatyn High School en Prestatyn, Sunbury Manor School en Sunbury, Magdalen Court School en Wonford, Saint Luke's en Heavitree, Our Lady's Catholic College en Lancaster, John Mason School en Abingdon, Jane Austen College en Norwich, Sprowston Community High School en Sprowston, Raynes Park High School en Raynes Park, The King's School en Ottery St. Mary, Okehampton College en Okehampton; **IRLANDA**: Athlone Community College en Athlone, Colaiste Lorcaín en Castledermot, Fingal Community College en Fingal, St. Fanahan's College en Michelstown, Sligo Grammar School e Mercy College en Sligo, St. Finian's Community College en Swords, St. Declan's College en Cabra West, Villiers School en Limerick, Grange Donahies Community College en Grange.

Os 42 High Schools propostos para a participación do alumnado vigués neste programa municipal de inmersión e integración lingüística, acreditan documentalmente a súa inclusión, autorización e recoñecemento na web oficial do "Departament of Education" do Reino Unido; inda que non aportan carta específica de aceptación na que indiquen que estarán a disposición do licitador no caso de resultar adxudicatario.

Todos os High Schools propostos, están ubicados en localidades de tamaño medio e pequeno, con entornos confortables e afastadas de grandes núcleos urbanos, e tal como indica o PPT garnten minimizar as posibilidades de contacto entre os distintos grupos (dispersados nas 30 localidades inglesas e 9 localidades irlandesas distribuídas no leste, oeste, norte e sur de Inglaterra e Irlanda). Aporta tal como recolle o PPT, especificación concreta e detallada da localización e características dos destinos propostos, que permite valorar a súa idoneidade para favorecer a plena inmersión lingüística na vida e cultura inglesa e irlandesa. Outórgase, polo tanto, 2,00 puntos a este subapartado.

- **8.A.4.2.- Implicación do claustro docente e disponibilidad de protocolos de acollida para alumnado estranxeiro (máximo 2,5 puntos):** Todos os High Schools propostos teñen no seu claustro un docente (xeralmente o Xefe do Dpto. de Idiomas) comprometido co desenvolvemento do programa, responsable da emisión dos informes de progreso do alumnado vigués e con contacto diario cos monitores. A cada estudante vigués se lle asigna un compañeiro/a inglés ou "buddy" que fará as veces de "mentor" axudándolle na súa integración ao longo de toda a estadía, e previamente poderán coñecerse vía skype ou e-mail. Aporta moi ben definido protocolo específico de acollida para o alumnado participante coa descrición de distintas fases de intervención (dereitos, responsabilidades e obrigas, primeiro día no High School, proceso de integración e seguimento, estratexias de resolución de problemas, formas de intervención). Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con 4,50 puntos.

8.A.5.- Proposta lingüística de actividades de inmersión e integración lectivas, extraescolares e de lecer (máximo 4 puntos). Neste apartado valórase:

- **8.A.5.1.- Formulación concreta de obxectivos, contidos, metodoloxía e medios que compromete o licitador para a súa consecución (máximo 1 punto):** Concreta de xeito exahustivo e coherente, e incorpora o programa lectivo completo de contidos do curso inicial de perfeccionamento de lingua inglesa, metodoloxía a seguir eminentemente comunicativa, e proposta de actividades con contidos prácticos ou "project works" / "debates" / "role plays"/ Audios / Cadernillo de actividades específicas para Inglaterra ou Irlanda, segundo os distintos niveis de coñecemento do idioma (A2+ Elementary / B1 Pre-Intermediate / B2 Upper Intermediate). Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2017 13:45

Páxina 5 de 8

Expediente 19872/332

Código de verificación: 24E84-CCA24-8DACC-248B8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

- **8.A.5.2.- Interese pedagóxico e implicación dos contidos propostos en relación co entorno social e cultural do país de destino (máximo 1 punto):** Tal como recolle o PPT a oferta concreta para todos os grupos de alumnado un cronograma diario con frecuencias horarias definidas de actividades cunha clara orientación para mergullarse no coñecemento da vida e cultura inglesa e/ou irlandesa (bowling, cricket, gimkana-tour coñecemento cidade destino, cinema, museos, traditional brithis sports, fútbol gaélico, Swimming, concurso de trivial, gastronomía británica, talent show, concurso de fotografía, excursións a Londres, Cambridge, Oxford, Bath, Norwich, Costessey, Great Yarmouth, Plymouth, Exeter, Dublín, Belfast, Limerick, Kilkenny, Cork ...), compromete bono transporte público para actividade dentro da cidade destino e transporte privado para actividades fóra da cidade. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.
- **8.A.5.3.- Coherencia interna, viabilidade e adecuación da súa distribución horaria (máximo 1 punto):** Determina consonte á obrigatoriedade recollida no PPT un cronograma diario ben estruturado de actividades propostas con frecuencias horarias detalladas, que resulta totalmente coherente cos requisitos esixidos neste prego. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado..
- **8.A.5.4.- Plan de control de calidade das actividades propostas respecto das destrezas comunicativas e competencia lingüística (máximo 1 punto):** Determina que o alumnado deberá completar mediante unha gymkhana didáctica uns cuadernillos sobre cada unha das actividades realizadas e se propoñen concursos para motivar ao alumnado e facilitar a avaliación das competencias adquiridas (o alumno/a máis participativo, o mellor en deportes tradicionais, o grupo que mellor resolve o cadernillo de actividades...). Igualmente propón e describe os "projects works" que deberán elaborar o alumnado participante sobre temas populares de Inglaterra e/ou Irlanda. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con 4 puntos.

8.A.6.- Proposta de integración en centros de estudos (máximo 4 puntos). Neste apartado valórase:

- **8.A.6.1.- Mecanismos e estratexias para o fomento da relación co profesorado e alumnado nativo (máximo 2 puntos):** Propón como medida moi axeitada e coherente convidar ao alumnado inglés a participar no programa de actividades extraescolares e de saídas de lecer que se oferta para reforzar a inmersión e integración. Fixa o sistema "pen pal" de contacto previo con alumno/a inglés ou "buddy" vía Skipe ou e-mail que fará as funcións do seu "mentor" para axudar a reforzar o proceso de integración previo e durante toda a estadía. Explicita que os claustros dos High Schools serán informados da presenza do alumnado vigués para acadar unha participación activa e haberá un docente inglés coordinado de xeito continuo coa equipa de monitoraxe en cada High School de integración. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.
- **8.A.6.2.- Criterios de agrupamento do alumnado e menor ratio de participantes integrados por aula (máximo 2 puntos):** Determina que en función dos resultados da realización dun test "multiple choice" de nivel escrito e oral de 100 preguntas, agruparase o alumnado vigués que en ningún caso superará o 15% do total de alumnado da aula. Fixa a integración en curso equivalente ao noso sistema educativo con criterios como nivel de inglés do alumno e data de nacemento, dado que para acceder ao sistema educativo británico a data de nacemento calcúlase de setembro a setembro. Aporta e incorpora modelos documentais de plantilla do proba "Oral Placement Test". Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2017 13:45 Páxina 6 de 8

Expediente 19872/332

Código de verificación: 24E84-CCA24-8DACC-248B8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con 4 puntos.

8.A.7.- Organización da viaxe (máximo 4 puntos). Neste apartado valórase:

- **8.A.7.1.- Loxística organizativa concreta e determinación precisa das datas, horario e tipo de voo de saída e regreso previstas (máximo 2 puntos):** Inda que non concreta número de estudantes e monitores asignado a cada operación de voo, fixa e determina para os 39 destinos de inmersión lingüística propostos un total de 15 saídas escalonadas dende o aeroporto de Peinador en voos regulares identificados e bloqueados coas compañías aéreas Iberia (11 operativos propostos) e Vueling (4 operativos propostos), comprendidas entre o período do 15 de setembro ao 12 de outubro de 2018, e determina os horarios de saída e chegada ao aeroporto de Peinador, tendo como destinos os aeroportos de Londres, Manchester e Dublín. Resulta oportuno e moi ben estruturado, o protocolo específico no aeroporto para chegar con tempo de antelación suficiente, revisar documentación para poder viaxar, ser identificados aos participantes coa indumentaria institucional, realizar un dispositivo especial de facturación que evite retrasos innecesarios. Concreta protocolo envío de SMS dos monitores para informar durante a viaxe (avisos embarque, recollida equipaxes, buses, destino, familias de acollida). Por este mesmo sistema avisarase as familias de calquera contratempo na viaxe. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.
- **8.A.7.2.- Concreción e precisión dos medios e plan de transporte co que se pretende realizar os desprazamentos dende o aeroporto aos destinos propostos, e o desenvolvemento das actividades de lecer (máximo 2 puntos):** Dende os aeroportos de Londres, Manchester e Dublín, compromete traslado a cada unha das 30 localidades inglesas e 9 localidades irlandesas de destino en autobús privado, para ser recibidos no punto de encontro polas familias de acollida, coordinador territorial e coordinador de familias (welfare officer). Determina protocolo de comunicación coas familias mediante envío masivo de SMS institucionais do Concello de Vigo para informar da chegada do seu fillo/a ao destino. Compromete transporte público gratuíto para participantes nos desprazamentos interiores nas localidades inglesas e irlandesas de destino e transporte privado en bus para as actividades fóra da localidades inglesas/irlandesas de destino. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con 4 puntos.

8.A.8.- Materiais e recursos didácticos (máximo 3 puntos). Neste apartado valórase:

- **8.A.8.1.- Material didáctico, pedagóxico e recursos multimedia, aportado polo adxudicatario para o seu uso polos participantes no programa, na procura de acadar os obxectivos propostos, indicando cal queda en propiedade do alumnado (máximo 3 puntos):** Explicita os distintos materiais didácticos en soporte papel e audiovisual para utilizar no curso de perfeccionamento de lingua inglesa, a realizar en Vigo no mes de Setembro previo á estadía de inmersión lingüística en destino, inclúe na oferta e aporta en anexos unha mostra documental escaneada dos distintos materiais a utilizar (Choices elementary students book, Choices pre-intermediate students book, Choices intermediate students book, Gold Experience A2, Gold Experience B1, Gold Experience B1+, Gold Experience B2). Tamén aporta de xeito coherente un amplo e exhaustivo dossier de actividades de elaboración propia por parte do licitador, para realizar con carácter previo e durante a estadía lingüística sobre cuestións vencelladas coa cultura británica e irlandesa, expresións do idioma máis comúns, tradicións populares, tours de orientación, concurso de fotografía ... Todos os estos materiais didácticos e auxiliares, así como todas as actividades que o alumnado realice na aula, xunto cunha carpeta institucional coa imaxe corporativa do Concello de Vigo, quedarán en posesión do alumnado participante, agás os libros de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2017 13:45

Páxina 7 de 8

Expediente 19872/332

Código de verificación: 24E84-CCA24-8DACC-248B8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

texto que os High Schools deixarán na modalidade de préstamo. Outórgase, polo tanto, a máxima puntuación a este subapartado.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con 3 puntos.

CADRO RESUMO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERIODO LECTIVO "VIGO EN INGLES 2018"

Empresa	Familias acollida		Información participantes			Reforzo institucional Concello		High Schools destino		Actividades de inmersión e integración				Integración High Schools		Organización viaxe		Materiais recursos	Total
	5 puntos		5 puntos			5 puntos		5 puntos		4 puntos				4 puntos		4 puntos		3 puntos	
	8.A.1.1	8.A.1..2	8.A.2.1	8.A.2.2	8.A.2.3	8.A.3.1	8.A.3.2	8.A.4.1	8.A.4.2	8.A.5.1	8.A.5.2	8.A.5.3	8.A.5.4	8.A.6.1	8.A.6.2	8.A.7.1	8.A.7.2	8.A.8.1	
Puntuación max.	2,5	2,5	2	1,5	1,5	2,5	2,5	2,5	2,5	1	1	1	1	2	2	2	2	3	35
NEW LINK	2,5	2,5	2	1,5	1,5	2,5	2	2	2,5	1	1	1	1	2	2	2	2	3	34

O TÉCNICO DE EDUCACIÓN

Asdo.: Pedro M^a Vázquez Iglesias

CONFORME
A XEFA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN

Asdo.: M^a José Loureiro Bada

